

UNHA PRODUCCIÓN DO CENTRO DRAMÁTICO GALEGO

dirixida por Marta Pazos

MAR TES DE CAR NA VAL

de Ramón María del Valle-Inclán



XUNTA DE GALICIA

O Centro Dramático Galego é a
unidade de produción teatral da Xunta
de Galicia, dependente da Consellería
de Cultura, Educación e Ordenación
Universitaria a través da Axencia
Galega das Industrias Culturais
(Agadic)

Centro Dramático Galego

Salón Teatro. Rúa Nova, 34
15705 Santiago de Compostela
Tel. 881 867 229
centro.dramatico.galego@xunta.gal
www.centrodramatico.gal
 cdg.salonteatro
 cdg_salonteatro

Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic)

Cidade da Cultura de Galicia. Monte Gaiás, s/n
15707 Santiago de Compostela
Tel. 881 996 073 / 092
prensa.agadic@xunta.gal
www.agadic.gal
 agadic

dirixida por Marta Pazos

MARTES DE CARNAVAL

de Ramón María del Valle-Inclán

Dando la cara no hay bueno ni malo. ¡Hay que ser soberbio y dar la cara contra el mundo entero! Yo respondo de todas mis acciones, y con esto solo, ninguno me iguala.

Dando a cara non hai bo nin malo. Hai que ser soberbio e dar a cara contra o mundo enteiro! Eu respondo de todas as miñas accións, e con isto só, ninguén me iguala.

As galas do defunto, Valle-Inclán

Índice

Valle na boca de todos, Fefa Noia.....	05
<i>Wellcome to Spain</i> , Marta Pazos.....	06
Ficha artística.....	08
Funcións.....	09
Sinopses.....	11
A directora: Marta Pazos.....	13
O autor: Ramón María del Valle-Inclán.....	15
O elenco.....	16
O equipo artístico.....	22



Valle na boca de todos

Fefa Noia

Moito tempo pasou desde *Valle 98*, a primeira produción do Centro Dramático Galego dun texto de Ramón María del Valle-Inclán. Moito tempo pasou, pero semella que foi onte. Naquel entón a decisión de montar a Valle en castelán (ao carecer do beneplácito da familia do autor para montalo en galego) foi, cando menos, polémica; e desencadeou unha choiva de críticas que se converteron nunha confrontación entre profesionais das Artes Escénicas en Galicia. A cuestión a dirimir: que era máis importante, que o CDG levase a escena a Valle ou que fixese teatro en galego? Houbo discusións, intervencións artísticas e manifestacións. Fíxéronse declaracións de todo tipo. Os argumentos voaron dun lado e doutro. E mentres tanto, Valle na boca de todos.

Chegou o ano 2017 e ao fin puidemos traducir a Valle ao galego, montalo en galego e escoitalo en galego desde o patio de butacas. O CDG non quixo deixar pasar nin un día máis para facelo. As pezas seleccionadas a tal efecto: *As galas do defunto* e *A filla do capitán*. O entusiasmo non faltaba. E tampouco faltou a polémica. Nesta ocasión foron outras as razóns. A cuestión a dirimir non queda aínda clara de todo. Supoño que o paso do tempo axudará a desvelar os motivos que pagan a pena. Cando escribo este texto, en abril de 2017, non son quen aínda de localizar o verdadeiro motor da discusión, nin de apreciar se nos atopamos diante dun diálogo construtivo ou dunha cortina de fume que agoche eivas máis profundas e dolorosas. Non podo sequera sopesar se o debate ten algo que ver con Valle-Inclán ou non. Unha soa cousa teño clara: nesta ocasión houbo tamén discusións, argumentacións e contraargumentacións. Houbo acordos e disensións. E mentres tanto, unha vez máis, Valle na boca de todos.

Permítanme pois que bote o meu maxín a voar, dea renda solta ás elucubracións estrambóticas que tan ilustre autor propicia, e me aventure a concluír que, polo menos na súa terra natal, Valle esperta polémicas. Permítanme ir un pouco máis aló e imaxinar a un Valle desgonzado, coma o seu Juanito Ventoleira en *As galas do defunto*, pero aínda con afán de travesuras e aires de Don Juan, rindo a cachón entre caixas por ter sido capaz de abrir de novo a caixa de Pandora dos dixomedixomes.

Por fin podemos gozar de Valle en galego. E facelo a través de dúas pezas tan en sintonía coa nosa realidade. Maxicamente para o seu autor, que se converte aos ollos contemporáneos en visionario do signo dos nosos tempos. Traxicamente para nós, que nos atopamos ante a terrible tarefa de asumir que a nosa realidade (o noso país, Europa, o mundo; a condición humana, en fin) mudou ben pouquiño desde que Valle escribira que na guerra (...) *só se busca o gasto de municións. É unha porca vergonza. O soldado, se soubese a súa obriga e non fose un paria, debía tirar sobre os seus xefes (...)*. E que estas palabras descarnadas son extrapolables a todas as ordes das nosas vidas.

Por fin podemos gozar de Valle en galego, digo. E é igual se é a primeira, a segunda ou a décima montaxe de Valle no noso idioma. É igual se para chegar aquí tivemos que transitar sendas pedregosas. É igual se polo camiño deixamos enerxías e entusiasmo a esgalla. O que conta é que chegamos. Chegamos á noite da estrea cunha montaxe chea de coraxe, risco e arroubo porque só con coraxe, risco e arroubo paga a pena levar estes esperpentos a escena. E mentres tanto, Valle na boca de todos.



Wellcome to Spain

Marta Pazos

Onte lin no Facebook un *memé* que dicía "España é como o Titanic, pero cos pasaxeiros aplaudindo".

Martes de Carnaval é historia de España. Preséntanse neste proxecto, por primeira vez en galego, dous dos esperpentos de Valle-Inclán. *As galas do defunto* e *A filla do capitán* atacan directamente os poderes militares, políticos, monárquicos e eclesiásticos. A historia comeza cunha muller obrigada a exercer a prostitución como consecuencia da guerra e remata co discurso do rei. Entre estas dúas realidades atopamos o retrato escuro, trágico e lúcido dun país.

Espero nesta montaxe ser tan radical e valente como o foi Valle-Inclán cando escribiu estas pezas. Non ten moito sentido facer teatro doutro xeito. Quero, neste *Martes de Carnaval*, xogar cos símbolos dunha cultura que non sei se me representa: abrazar a tradición, fuxir da superstición, empaparme do grotesco, gozar da beleza, deleitarme coa palabra, respirar irreverencia e meterme nos zapatos de todos os personaxes, tanto dos que respecto como dos que deploro. Quero aprender. Quero compartir. Quero amar. Quero construír. Quero xogar. Quero facer teatro.

As dúas pezas que veredes están levadas á escena polo mesmo equipo creativo e interpretadas con risco e implicación polo mesmo elenco. Na nosa vontade está traballar linguaxes e estéticas diferentes en cada unha das propostas.



A primeira, *As galas do defunto*, comeza en Galicia en 1898, nunha cidade portuaria co sabor da derrota nos beizos e toda a resaca que provocou a guerra de Cuba. Juanito Ventoleira, soldado repatriado, acaba de chegar ao país e o primeiro que visita é un bordel. O destino desta sorte de Don Juan desgonzado crúzase co da Daifa, a heroína desta historia, unha muller forte á procura dunha saída. Está o Entroido moi presente nesta proposta, o habitar a pel do outro, a transformación a través do vestido, a aparencia como modo de supervivencia.

A segunda é *A filla do capitán*. Para construír esta peza, o autor partiu de dous acontecementos reais da época: o pronunciamento de Primo de Rivera en 1923 e o crime do Capitán Sánchez, famoso na prensa sensacionalista, en 1913.

A partir da combinación destes dous incidentes, Valle-Inclán desprega a súa capacidade satírica e a súa acidez, para vincularlos nunha relación de causa-efecto e conformar así un bodegón da mediocridade e da corrupción de baixa estofa que imperaban nos altos estamentos políticos e militares. Isto é España, as miserias dos poderosos várense debaixo da alfombra e aquí non pasou nada.

Do corazón desta gran chafallada nacional xorden os personaxes de Sini e O Mangante, unha sorte de Bonnie & Clyde, vítimas dunha patria que lles pasa por riba como unha apisoadora e contra a que se rebelan coas únicas armas que lles aprenderon: a extorsión, a mentira e a picaresca.

Non será en absoluto complicado para o espectador atopar exemplos nos xornais dos últimos anos que sirvan para situar esta historia e comprobar que o esperpéntico espírito nacional non mudou demasiado. Pero ninguén como Valle-Inclán para airear con sorna e retranca as nosas miserias a través da súa pluma erudita.

Esta viaxe asegura unha travesía divertida, intensa e emocionante. Valle-Inclán presenta en *Martes de Carnaval* un delicioso río de inmundicia. Só nos resta tirarnos de cabeza e gozar do baño. A ocasión ben o merece.

Ficha artística

Autoría: Ramón María del Valle-Inclán
Dirección: Marta Pazos
Producción: Centro Dramático Galego

Elenco (por orde alfabética)

Iria Azevedo
César Cambeiro
Mercedes Castro
Anabell Gago
Miquel Insua
Alejandro Jato
Pablo Rivero Madrián
María Roja
Machi Salgado
Sergio Zearreta

Equipo artístico

Movemento
Escenografía
Vestuario
Iluminación
Música
Caracterización
Tradución
Asesoría de dramaturxia
Asesoría lingüística
Traballo de palabra
Asistencia de dirección
Asistencia de escenografía e iluminación
Asistencia de vestuario
Asistencia de produción

Rut Balbís
Fernando Ribeiro
Uxía Vaello
José Álvaro Correia
José Díaz e Hugo Torres
Esther Quintas Salgado
Manuel Cortés
Hugo Torres
Rosa Moledo
Ernesto Arias
Gena Baamonde

José Faro “Coti”
María Villas
José Díaz

Realizacións

Escenografía e utilería
Estrutura da cama
Vestuario

Caderno pedagógico

Fotografía
Imaxe do cartel

Diseño gráfico

Equipo técnico do CDG
Armesa
Equipo técnico do CDG e do Centro Coreográfico Galego (CCG), coa colaboración de Josefina Martínez e María Porto
Maite Leis e Susana Madera (GÁLIX)
Miramemira
coRTarcabezas collage (Toño FM e Raúl Lago)
Trisquelia

Centro Dramático Galego

Dirección
Producción
Secretaría de dirección
Administrativa
Axudante de produción
Xestión
Prensa

Fefa Noia
Francisco Veiga
Manuela Domínguez
América Peña
Laura Hevia
Manuela González
Ana Miragaya e Ana Rosales (Agadic)

Equipo técnico

Técnicos de iluminación
Técnicos de son
Encargado de estrutura escénica

Juanjo Amado e Biqui Cabado
Antonio G. Budiño e Guillermo Vázquez
Salvador Forján

Tremoias

Antonio Mayo, Óscar Ortega, Xaquín Rei, René Rodríguez, Suso Rodríguez e Elixio Vieites
Juan Carlos Pacios
Fernando Rodríguez
María Negreira;
Cristina Cordido e Milagros Raimóndez (CCG)
Marisol Pérez

Auxiliar de imaxe e son
Encargado de talleres
Xastras

Limpeza

Agradecementos: Salva Bolta, Hotel Costa Vella, Café Bar Derby, Antonio González Millán, Rita Grangeia, Carmen Juanatey, Xosé Luis Méndez Ferrín, Pilar Sampedro, Margarita Santos Zas, Isi Seoane e Clotilde Vaello

Funcións

Duración aproximada: 2 h 35 min (cun intervalo de 15 min entre *As galas do defunto* e *A filla do capitán*)

SANTIAGO DE COMPOSTELA. SALÓN TEATRO

Estrea	Xoves 20 de abril, ás 21.00 h (con convite)
Funcións	Do 21 ao 27 de abril e do 28 de xuño ao 16 de xullo
Horarios	Venres 21 e sábado 22 ás 20.30 h; domingo 23 ás 18.00 h Do 28 de xuño ao 16 de xullo, de mércores a sábados ás 21.00 h e domingos ás 19.30 h
Funcións escolares	Do luns 24 ao xoves 27 de abril ás 10.30 h
Encontros co público	Xoves ao finalizar a función

Venda de entradas

Billeteira do Salón Teatro Dúas horas antes de cada función

Billeteira electrónica <http://entradas.abanca.com>
Tel. 902 434 443

Prezo das localidades **10 euros**
8 euros (primeiro andar)

Descontos
40% Estudiantes, xubilados, maiores de
65 anos, usuarios do carné xove,
desempregados,
familias numerosas,
grupos a partir de 10 persoas,
xornalistas e profesionais das
artes escénicas

3x2 Se traes dúas persoas,
invítamoste ao teatro.
(Só na billeteira do Salón Teatro)

Domingos Día do espectador: 5 euros

XIRA

MAIO

Venres 5 Teatro Municipal de Tui
Venres 12 Teatro Lauro Olmo
do **Barco de Valdeorras**
Venres 19 e sábado 20 Teatro Principal de **Ourense**

XUÑO

Venres 2 e sábado 3 Teatro Rosalía Castro da **Coruña**
Venres 9 Auditorio Municipal de **Rianxo**
Domingo 11 Teatre Principal de **Valencia**
Festival Tercera Setmana
Xoves 15 Auditorio Afundación de **Pontevedra**
Xoves 22 Teatro Afundación de **Vigo**





Sinopses

Martes de Carnaval é un espectáculo
composto por estas dúas pezas:

As galas do defunto

Un soldado retorna á súa patria despois de combater na guerra de Cuba. Ao chegar, atópase coa Daifa, unha moza que se viu obrigada a exercer a prostitución despois de ser desprezada polo seu pai a causa dun embarazo fóra do matrimonio.

Ante o aspecto miserento do soldado, a moza rexéitao. Este conduce os seus pasos ao cemiterio, onde desenterra o cadáver do seu recentemente finado caseiro para vestir coas súas ricas roupas e así poder presentarse ante a Daifa con inmellorable aparencia. O que non espera é que o seu caseiro sexa o propio pai da Daifa...

A filla do capitán

O Capitán "Chuletas de Sarxento", acusado de dar carne de prisioneiro no rancho da tropa, elude a xustiza cedéndolle os favores da súa filla Sini ao seu xeneral, un vividor moi ben posicionado no alto mando militar.

Por despeito, o namorado de Sini, un pobre músico ambulante, busca vinganza sobre o xeneral, pero confunde a vítima e asasina un popular home de negocios que portaba na carteira poderosos documentos.

As tentativas de ocultaren o crime por parte de todos os implicados provocan unha bola de neve que deriva nunha sucesión de chantaxes, ameazas, tratos coa mafia, manipulación xornalística, loitas políticas e sublevacións militares nun fiel retrato dun país onde as decisións da alta política veñen derivadas dos vicios, os abusos e a ineptitude dos seus responsables.



Marta Pazos

A DIRECTORA


Licenciada en Belas Artes pola Universidade de Barcelona na especialidade de pintura, Marta Pazos comeza a dirixir no ano 2000. Desde entón asina a posta en escena dunha vintena de espectáculos, desenvolvendo o seu traballo (e a súa vida) a camiño entre Portugal e Galicia.

As súas direccións estiveron presentes en escenarios internacionais como MA Scène Nationale (Francia), Festival de Almada (Portugal), Festival de Agosto (Mozambique), Festlip (Brasil), FITEI (Portugal), Festivais Gil Vicente (Portugal) ou Capital Europea da Cultura-Guimarães 2012 (Portugal); no ámbito estatal puideron verse en Temporada Alta de Girona, Festival Internacional de Teatro Clásico de Almagro, Festival de Teatro Clásico de Alcalá de Henares, Frinje Madrid, MIT de Ribadavia e Escenas do Cambio de Santiago de Compostela, entre outros.

En 2011 outórgaselle o Premio de Teatro María Casares á Mellor Dirección por *Super8*, converténdose na directora máis nova en recibir este galardón, que se lle volveu conceder en 2013 por *Tokio3* á Mellor Dirección e Escenografía. Entre outros galardóns recibidos, cóntanse tamén o terceiro premio do Certame Nacional de Directoras de Torrejón de Ardoz e o premio INDIFEST14 na categoría de intérprete protagonista.

Como actriz, traballou no Teatro Nacional São João do Porto, o Centro Dramático Galego, o Centro Dramático de Aragón e nas compañías Teatro Oficina, Chévere, Trigo Limpo, La Fura dels Baus e Belmondo.

En 2007 funda en Santiago de Compostela a compañía Voadora, xunto ao actor Hugo Torres e o produtor Jose Díaz, na que desenvolve un traballo de investigación en creación escénica e dramaturxia contemporánea. Voadora conta na súa traxectoria con máis dunha decena de premios. En 2013 recibe o Premio da Crítica de Galicia.



Ramón María del Valle-Inclán

O AUTOR

Escritor e dramaturgo, Ramón María del Valle-Inclán foi un dos grandes autores de principios de século XX, exemplo de modernismo literario e membro da chamada Xeración do 98.

Nacido en Vilanova de Arousa (Pontevedra) no seo dunha familia acomodada vinda a menos, Valle-Inclán estudou en Santiago de Compostela a carreira de Dereito, máis por desexo do seu pai que por propia convicción. Tras a morte do seu proxenitor en 1890 abandonou os estudos e trasladouse a Madrid, onde comezou a facerse coñecido en faladoiros e cafés. Alí gaña diñeiro con colaboracións xornalísticas e publicando algúns contos, pero en 1892 decide viaxar a México onde segue ligado ao mundo do xornalismo como articulista e tradutor.

De novo en terras galegas, é en Pontevedra onde mostra o seu renovado enxeño e se ve influído polo decadentismo. En 1895 publica *Femininas*, a súa primeira antoloxía.

Instalado en Madrid, empeza a coñecer personaxes destacados como Pío Baroja, Azorín ou Benavente, frecuenta cafés e malvive con moi poucos recursos económicos. En 1896, tivo unha disputa con Manuel Bueno que desembocou nunha ferida que lle gangrenou o brazo, provocando a súa amputación. A súa figura de manco, con abundante barba e pelo longo, converteríase en aceno inconfundible de identidade.

Pouco despois comeza a súa carreira como dramaturgo, estreando obras como *Cenizas*, e empeza a formar parte do movemento de fin de século xunto a autores como Unamuno. Chegado xa o século XX, Valle-Inclán publicou as súas famosas *Sonatas*.

Quizais a súa etapa máis creativa viría a partir de 1910, con obras como *Voces de Gesta* ou *La marquesa Rosalinda*, aínda que as críticas que recibe son todo o positivas que cabería agardar. Daquela, a obra de Valle-Inclán vólvese máis persoal e decide dedicarse á novela. Deste período cómpre destacar *Tirano Banderas* (1926) e a peza *Luces de bohemia* (1920), na que o esperpento se mestura coa realidade do Madrid dos cafés e a cínica tradición española.

Valle-Inclán morreu en Santiago de Compostela o 5 de xaneiro de 1936.

0 elenco





Iria Azevedo

Actriz, dramaturga e poeta. Traballou na Compañía Teatro do Miolo Producións con obras de creación propia e dirixiu varias escolas de teatro municipal en Lugo. Colaborou no proxecto Tenda Summer School en Ferrara (Italia), así como con Granero Producións na creación de espectáculos onde a música é o narrador emocional da acción. É codirectora e integrante de Acción Camándula, unha plataforma de creación escénica que experimenta a interacción entre corpo físico, dixital e sonoro.



César Cambeiro

Empezou no teatro profesional en 1994, e interveu entre outras moitas en sete producións do CDG como *Os vellos non deben namorarse*, *Rosalía*, *A boa persoa de Sezuán* ou *Xardín suspenso*. No ámbito televisivo actuou en *Pratos combinados*, *Un mundo de historias*, *Mareas vivas*, *Terra de Miranda*, *Valderrei*, *Matalobos*, *Padre Casares*, *Serramoura* ou *Pazo de familia*. Tamén tivo roles episódicos en series de canles privadas españolas como *El comisario*, *Policías*, *Periodistas* ou *Cuéntame como pasó*. En cine, participou nos filmes *Lobos sucios* (Simón Casal), *Mar adentro* (Alejandro Amenábar) ou *Los luns ao sol* (Fernando León de Aranoa).




Mercedes Castro

Licenciada en Filoloxía Hispánica e Galego-Portuguesa pola Universidade de Santiago de Compostela, estudou na RESAD de Madrid, onde desenvolveu a súa meirande traxectoria como actriz. En teatro colaborou con directores como Will Keen, Sanchis Sinesterra, Salva Bolta, Natalia Menéndez, Juan Carlos Corazza ou Consuelo Trujillo. En cine traballou con directores como Milos Forman, Javier Fesser, Itziar Bollaín, Manuel Gómez Pereira, José Antonio Quirós, Héctor Carré, Miguel Bardem e Carlos Amil, entre outros. Actuou nas series televisivas *Pazo de familia*, *Águila Roja*, *Cuéntame como pasó*, *Hospital Central*, *Cuenta atrás*, *Vientos de agua*, *Policías* ou *Periodistas*.



Anabell Gago

Formouse na escola de teatro e danza Espazo Aberto. Iniciou a súa carreira profesional con Teatro do Aquí, baixo a dirección de Roberto Vidal Bolaño. En teatro colaborou coas compañías Berrobambán, A Factoría Teatro, A Artística, Alalá Producións, Lagarta Lagarta, Eme2... Esta é a súa terceira montaxe no Centro Dramático Galego. Actualmente forma parte da compañía Matrioshka Teatro. En televisión puidemos vela en tres temporadas da serie *Rías Baixas*. Entre os premios recibidos, conta con dous María Casares á mellor actriz protagonista e secundaria.



Miquel Insua

Entre os traballos escénicos nos que participou ao longo dos máis de 30 anos de actividade profesional destacan as colaboracións con Lluís Pasqual (*La comedia sin título* e *Luces de Bohemia*), Josep Marla Flotats (*El despertar de la primavera*), Julián Fuentes Reta (*Los hijos de las nubes* e *En defensa*) ou Jesús Cracio (*La ceremonia de la confusión*), entre outras. En cine pódese ver en *Magical Girl* e *Diamond Flash*, de Carlos Vermut; *Gente en sitios*, de Juan Cavestany; *Esa sensación*, de Julián Génisson; *The ABCs of Death*, de Nacho Vigalondo; ou *Sempre Xonxa*, de Chano Piñeiro). Entre as series nas que participou, cóntanse *Juana de Vega*, *Gran hotel*, *Acusados*, *Hospital Central* e *Gran reserva*.



Alejandro Jato

Nado en Vigo, formouse principalmente no Estudio Corazza para o Actor (Madrid). Completa a súa educación con mestres como Vicente Fuentes, Iñaki Aierra, Andoni Larrabeiti, Natalia Fernandes, ou Samuel Núñez en Tatwerk Berlín. En teatro intervéñen en montaxes como *FROM* de International People's Theater Berlin e *El Público*, de Federico García Lorca, dirixido por Álex Rigola e producido polo Teatro de La Abadía e o Teatre Nacional de Catalunya.



Pablo Rivero Madriñán

Natural de Ourense, cursou estudos de interpretación na RESAD. Para o teatro colaborou con Ainhoa Amestoy, Jaime Azpilicueta, Aitana Galán, José Luis Alonso de Santos ou Gerardo Malla. Entre os seus traballos para o cine destacan *Son de mar* (Bigas Luna), *Buñuel y la mesa del rey Salomón* (Carlos Saura) ou *Chevrolet* (Javier Maqua). En televisión apareceu en *Rías Baixas*, *Aquí no hay quien viva*, *Los hombres de Paco*, *Amar en tiempos revueltos*, *Los misterios de Laura* e *Tierra de lobos* entre outras. Compaxina a súa actividade actoral coa dirección e a docencia, ademais de ser un colaborador habitual da Compañía Nacional de Teatro Clásico.



María Roja

Actriz e artista visual, é titulada superior en Arte Dramática pola ESAD de Galicia e licenciada en Belas Artes cun Máster en Artes Escénicas pola Universidade de Vigo. No eido das artes vivas, traballou en compañías teatrais como Matarile, Contraproducións, Inversa Teatro, TrasPediente, Mago Teto ou Galitooon, ademais de participar como *performer* en pezas de creación propia ou colaborativas. É cofundadora da compañía Aporía Escénica, así como dos colectivos de arte de acción Blanco&Roja, Ohn e áIntemperie. Actualmente compaxina o labor investigador no programa de doutoramento en Creación e Investigación en Arte Contemporánea da Universidade de Vigo coa práctica creativa. Vén de recibir o Premio María Casares á mellor actriz secundaria polo seu papel en *O tolleito de Inishmaan*.



Machi Salgado



Formado na ESAD de Galicia e vinculado á Aula de Teatro da Universidade de Santiago de Compostela, colaborou con compañías como Balea Branca, Catro Cadeiras, Avento Produccións, Ningures Teatro e EscénaTe, entre outras. Puidemos velo en *A boa persoa de Sezuán* do Centro Dramático Galego. No audiovisual, participou en *O Faro*, *Matalobos*, *Rías Baixas* ou *Escoba*. En 2015 foi galardoado co María Casares ao mellor actor protagonista.



Sergio Zearreta

No eido profesional traballa coas compañías Matarile Teatro, Espello Cóncavo, Voadora e o Centro Dramático Galego. Tamén protagoniza o musical *Galicia Canibal*, de Filmanova Invest. No terreo audiovisual participa en series como *O final do Camiño*, *Urxencia Cero*, *Serramoura*, *Hospital Real*, *Matalobos*, *Piratas* ou *As Leis de Celavella*. Na gran pantalla protagoniza, xunto a Miguel de Lira, a longametraxe *Crebinsky* de Enrique Otero. A súa faceta musical desenvólvese coas bandas Lamatumbá, Anfibia, Gallaecia Big Band e Banda Crebinsky, nas que combina o seu papel de cantante co de compositor.

0 equipo artístico



Rut Balbís

MOVEMENTO

Creadora-coreógrafa, intérprete e docente de danza contemporánea, é licenciada en Ciencias da Actividade Física e do Deporte e realiza o One Year Certificate in Contemporary Dance en The Place (Londres). En paralelo ao seu proxecto con Pisando Ovos, desenvolve o seu traballo docente na Aula de Danza da Universidade da Coruña desde 2005, ademais de colaborar con outras compañías como Las Tricotouses, Matarile Teatro, Licenciada Sotelo, Lipi Hernández, Traspediente, Iker Gómez, Chévere, Cristina Montero, Paula Pintos... Forma parte de The Hunter Lodge, colectivo creado a partir do proxecto europeo Choreoroam 2012.

Fernando Ribeiro

ESCENOGRAFÍA

Nado en Lisboa, iniciou a súa formación artística na área de Pintura, con Alexandre Gomes, en 1992, e rematou o bacharelato en Realización Plástica do Espectáculo (1998) e a licenciatura en Deseño de Escena (2008) na Escola Superior de Teatro e Cinema de Lisboa. Concluíu igualmente o curso de Pintura da Sociedade Nacional de Belas Artes de Lisboa e o curso de Ilustración da Fundación Calouste Gulbenkian. En marzo de 2015 recibiu unha mención honorífica pola Associação Portuguesa de Criticos de Teatro.

Uxía Vaello

VESTIARIO

Licenciada en Historia da Arte (USC) e en Danza (Escola Superior de Dança de Lisboa), traballa nas artes escénicas desde 2007, como vestiarista e intérprete/creadora. Combina a creación propia coa colaboración con outros artistas e compañías (Borja Fernández, Voadora, Matrioshka...). Gañou dous premios María Casares polos vestiarios de *Tokio 3* e *Waltz*, de Voadora. En 2015 comezou a traballar como figurinista en curtametraxes e actualmente prepara o vestuario para *A Estación Violenta*, de Anxos Fazáns.

José Álvaro Correia

ILUMINACIÓN

Nado en Lisboa, é licenciado en Produción Teatral na especialidade de iluminación e son pola Escola Superior de Música e Artes do Espectáculo (ESMAE) do Porto. Nos últimos anos realizou diversos deseños de iluminación para danza, teatro, ópera e música nas principais salas de Portugal, así como varias incursións no estranxeiro. Desde 2000 dirixe diversos talleres de iluminación para espectáculos e colabora regularmente con institucións pedagóxicas. É coautor do *Manual Técnico para Iluminação de Espetáculos*.

Esther Quintas Salgado

CARACTERIZACIÓN

Tras licenciarse en Belas Artes pola Universidade de Vigo, trasládase a Barcelona para formarse en maquillaxe artística e efectos especiais. Empeza a súa carreira profesional como maquilladora traballando en varias edicións da Pasarela Cibeles. Regresa a Galicia como docente en Posticería na Escola de Imaxe e Son de Vigo (EISV), labor que combina con traballos como o de maquilladora na serie *Matalobos*, da TVG. Recentemente participou na serie *Ao final do Camiño* como axudante de maquillaxe. Tamén se encargou do deseño e realización da maquillaxe da produción *Normas para saber vivir na sociedade actual*, de Sarabela Teatro.

Manuel Cortés

TRADUCIÓN

Actor, escritor e tradutor, iniciouse no mundo do teatro a principios dos anos noventa co grupo Chévere, ao que segue vinculado desde aquela e para quen escribiu as pezas *Eroski Paraíso* ou *Ultranoite no país dos ananos*, así como *Eurozone* ou *Citizen*, nas que tamén interveu, por mencionar as máis recentes. A súa actividade teatral esténdese igualmente á tradución de textos, á escrita de guións de televisión, ademais de letras para cancións de diversos grupos de música e de teatro. No mundo audiovisual actuou en teleseries e en producións cinematográficas galegas, como *Todos os Santos*, *O ouro do tempo*, *Vilamor*, *Crebinsky*, *Rafael* ou *Pradolongo*.

Hugo Torres

ASESORÍA DE DRAMATURXIA E MÚSICA

Actor e compositor, é licenciado en Teatro-Interpretación pola ESMAE (Escola Superior de Música e das Artes do Espectáculo) do Porto e polo CECC (Centre D'estudis Cinematogràfics de Catalunya). De 1999 a 2006 forma parte do elenco estable do Teatro Nacional São João do Porto. Traballa cos directores Ricardo Pais, Giorgio Corsetti, Nuno Carinhas, Nuno Cardoso, Antonio Duraes, Quico Cadaval, Carlos Santiago, Jorge Silva Melo, Joao Brites, José Carretas, Rui Spranger, Pierre Voltz e Marcos Barbosa. Conta cun galardón á Mellor Música Orixinal nos Premios María Casares polo espectáculo *Tokio3*.

Rosa Moledo

ASESORÍA LINGÜÍSTICA

Especialista en tradución audiovisual, ten no seu haber numerosos traballos tanto para televisión (series de ficción, animación, películas, documentais...) como para cine, entre os que destacan *Fisterra*, *Sei quen es*, *A lingua das bolboretas*, *Lena*, *Os luns ao sol*, *O misterio Galíndez*, *13 Badaladas*, *O lapis do carpinteiro*, *O ano da carracha*, *Abrígate*, *Agallas*, *Conexións*, *Celda 211*, *A tropa de trapo*, *Engurras*, *O sexo dos anxos*, *A árbore magnética*, *Somos xente honrada*, *Os Fenómenos* ou *O noso último verán en Escocia*. É tamén asesora e supervisora lingüística en numerosas sesións de dobraxe para televisión e cine, así como na rodaxe de diversos programas de entretemento e series televisivas, como *A Familia Pita*, *Con perdón*, *Mareas vivas*, *4º sen ascensor*...

Ernesto Arias

TRABALLO DE PALABRA

Formouse no Teatro de La Abadía desde a súa fundación con mestres como José Luis Gómez, Mar Navarro, Vicente Fuentes, Agustín García Calvo, Javier Sánchez, Jesús Alandrén, Juan Carlos Gené, Hernan Gené ou Lenard Petit. Entre 2004 e 2008 foi coordinador do departamento de formación do devandito teatro, onde tamén impartiu talleres sobre palabra escénica, traballo de texto, acción verbal e técnica Chéjov.

Como actor, recentemente participou en montaxes como *El malentendido* de Albert Camus, dirixido por Eduardo Vasco no Centro Dramático Nacional; *Veraneantes* de Gorki, dirixido por Miguel del Arco en La Abadía; *El arte de la comedia* de Eduardo di Filippo, dirixido por Carles Alfaro en La Abadía ou *El alcalde de Zalamea* de Calderón na Compañía Nacional de Teatro Clásico. Tamén traballou en series de televisión como *Águila Roja*, *Isabel*, *Los hombres de Paco*, *Policías*, *SMS* ou *Periodistas*, e no telefilme *Una bala para el rey*.

Gena Baamonde

ASISTENCIA DE DIRECCIÓN

Directora, actriz e creadora. Titulada en Dirección de Escena, posgrao e mestrado en Artes Escénicas. Investigadora pre-doutoral pola Universidade de Vigo. Vinculada durante anos á compañía Matarile Teatro, ao equipo do Teatro Galán e á organización do festival En Pé de Pedra. Actriz habitual na escena galega. Artista residente para o Centro Dramático Galego e o Centro Coreográfico Galego, realiza asistencias en dirección e dramaturxia para o CDG, Factoría, Disque Danza, A Artística e Voadora. Funda a compañía María a Parva, coa que leva á escena *Mullerona*, *Xogo para nenas* e *Indignos*. Con A Artística, colabora na creación e dirección de *Des-memoria-2*, *Verde a tempo completo* e *Arquitectura da emoción*.

José Faro “Coti”

ASISTENCIA DE ESCENOGRAFÍA E ILUMINACIÓN

Titulado superior en Arte Dramática, na especialidade de Escenografía pola ESAD de Galicia, tamén se formou no campo dos autómatas e no do deseño de mobiliario. Os devanditos estudos permítenlle ter unha perspectiva global desde o deseño ata a realización e construción de produtos de carpintería e moble. Traballa como deseñador de escenografía e iluminación para diversas compañías do circuito teatral galego. Combina a realización dos seus proxectos co soporte técnico a outros deseñadores do país.

María Villas

ASISTENCIA DE VESTIARIO

Licenciada en Belas Artes pola Universidade de Vigo, comeza a súa andadura no mundo do téxtil cunha bolsa Erasmus na Kuopio Academy of Design en Finlandia. Profunda a súa formación co Master Disseny i Moda da escola Elisava (Barcelona) e, de seguido, pasa a formar parte do equipo de deseño de Antonio Miró. Posúe diferentes títulos da Royal Academy of Dance, pero especialízase co Máster en Vestuario Escénico no Instituto Europeo de Deseño de Barcelona, grazas a unha bolsa de estudos da Deputación da Coruña. De novo en Galicia, leva a cabo o estilismo, deseño e a confección de vestuario para diferentes producións de danza e teatro, á vez que traballa no departamento de vestuario de varias produtoras audiovisuais galegas. En 2012 crea a súa propia liña de produtos téxtiles baixo o nome Maravillas Atelier.

José Díaz

ASISTENCIA DE PRODUCCIÓN E MÚSICA

Técnico Superior en Producción de Cine e Espectáculos. Durante catro anos traballa como produtor *freelance* en cine, publicidade e televisión. Gañador de varios premios nacionais producindo videoclips para o grupo Fangoria con Esferobite Producións. Fundador e produtor durante nove anos do estudio de animación, posprodución e efectos especiais Tresdeseos Animación. Como produtor teatral colabora cos directores Nuno Cardoso, Hernán Gené, Quico Cadaval, Montse Triola e Marta Pazos, entre outros. Traballa como produtor para o Centro Dramático Galego en dúas ocasións. Escribe, dirixe e produce cinco curtametraxes multipremiadas. Como músico, conta cun Premio María Casares á Mellor Música Orixinal por *Tokio3* e outras tres candidaturas na mesma categoría. É o produtor da compañía Voadora desde a súa creación en 2007.

CDG

www.centrodramatico.gal

 [cdg.salonteatro](#)

 [cdg_salonteatro](#)